

*Estimados pais:*

*As tarefas que imos publicando na web e as que mandamos facer nos libros do 2º trimestre, son unicamente recomendacións que vós iredes adaptando ás necesidades dos neno/as e, por suposto, ao ritmo que a organización diaria vos permita; cada familia segundo as súas circunstancias.*

## MATEMÁTICAS

### MEDIDAS DE PESO.

O **kilogramo** é a unidade principal que empregamos para saber canto pesa un obxecto. Tamén lle chamamos kilo. Escríbese **kg**.

$$1\text{kilo} = 2 \text{ medios kilos}$$

$$1\text{kilo} = 4 \text{ cuartos de kilo}$$





• Sabendo isto, busca na túa casa obxectos con diferentes medidas de peso; podes aproveitar os paquetes de alimentos da cociña!, sempre con permiso dun adulto. Anota ou debuxa o resultado da túa búsqueda nun caderno.

- E non deixes de repasar as táboas de multiplicar!  
Esta semana practica a do 4 salteada.

### RELOXO.

Repasando as horas.

• Debuxa as agullas do reloxo segundo indica a hora debaixo deles, e escribe aquí ou no caderno que hora é.



---

---


---

---

---

## CIENCIAS NATURAIS

### OS ESTADOS DA AUGA



- Experimenta cos cambios de estado da auga. Pide axuda a un adulto.



## CIENCIAS SOCIAIS

### O SISTEMA SOLAR

Investiga buscando información ao respecto; podes empregar libros, internet... e averigua as seguintes preguntas:

- Poderías definir que é un planeta? e ... Cantos planetas hai?. Enuméraos. en función á súa distancia ao sol (de máis preto a máis lonxe).
- Escribe tamén a definición de: estrela e satélite.
- Sabes que forman o Sol e os planetas?
- Debuxa o Sistema Solar situando os planetas nas súas órbitas.

## LINGUA GALEGA

Vente, rapasa,  
vente, miniña,  
vente lavar  
no pilón da fontaña.  
Vente, Minguíño,  
Minguíño, vente;  
douche si non ,  
polo demo do dente.  
Que auga tan limpa!  
Que rica frescura!  
Vente a lavar  
que é un primor, criatura.  
Válganos Dios,  
que se auguiña n´houbera,  
lama este corpo corre,  
mortal se volvera.  
Vinde a lavarvos,  
andá lixeiriños,  
a cara pirmeiro,  
dimpois os peíños.  
Ai, que miniña!  
Que nena presiosa!  
Dempois de lavada  
parese unha rosa.

I este miniño  
que teño no colo,  
dempóis de lavado  
parece un repolo.  
Ai!, que tan cuco;  
Ai!, que santiño!  
Ven ós meus brazos,  
dareiche un biquiño.  
Olliños de gloria!  
Cariña de meiga!  
Apértame ben,  
Corazón de manteiga!  
Corre, corre  
A que Antona te peite,  
corre, daráche  
unha cunca de leite.  
Corre, corre  
a teu pai, Mariquiña,  
que coma cebola  
con pan e sardña.



## ACTIVIDADES

1. Le o texto en silencio e despois en voz alta.
2. Cantas estrofas ten o poema?
3. Cantos versos ten cada unha?
- 4a. Cantos versos hai en total? (Resólveo en forma de suma de sumandos iguais)
- 4b. Saberías resolvelo cunha multiplicación? Se sabes, faino.
5. Na primeira estrofa riman miniña e fontaña. Escribe as que riman en cada estrofa (hai dez parellas máis de palabras que riman)
6. Ilustra o poema.
7. Memoriza o poema.

## LENGUA CASTELLANA

A los dos días, don Quijote y Sancho ya estaban en camino. Salieron de la aldea en plena noche y sin despedirse de nadie, con muchas ganas de vivir aventuras. Don Quijote iba a lomos de su fiel Rocinante, y Sancho Panza montaba en un borrico al que quería más que a las pestañas de sus ojos.

Pero ni el caballero ni su criado se imaginaban el sinfín de alegrías y tristezas que pasarían juntos. Los caminos de La Mancha les estaban esperando, con sus viajeros y sus mercaderes, sus molinos de viento y sus campos de trigo. Y las aventuras que iban a vivir fueron tan divertidas que os van a doler las mandíbulas de tanto reír.

*Érase unha vez don Quijote.* Adaptación de Agustín Sánchez Aguilar

### ACTIVIDADES

1. Lee el texto en silencio y después en voz alta.
2. Copia el primer párrafo (hasta el punto y aparte).
3. Busca tres nombres propios (surbráyalos) y tres comunes (rodéalos).
4. ¿Cómo escribiste los tres nombres propios?
5. Rodea el punto y seguido. ¿Cómo se escribe la palabra que viene a continuación?
6. Copia, o que te dicten, el segundo párrafo (desde el punto y aparte hasta el punto final).
7. Rodea las comas. ¿Cómo se escribe la palabra que viene a continuación?
8. Haz dos grupos: palabras con b y palabras con v.
9. Busca en el texto completo palabras con ca-que-qui-co. Escríbelas separándolas en sílabas y subraya dichas sílabas.

Ejemplo: Qui-jo-te

10. Ilustra este texto.



# VALORES

## DEREITOS DA INFANCIA

- Le atentamente:

### ESTOS SON MIS DERECHOS



1. Tengo derecho a que me respeten, no importa cual sea mi religión, color de piel, condición física o el lugar donde vivo.

2. Tengo derecho a recibir un nombre y apellidos que me distinguan de los demás niños y niñas.



3. Tengo derecho a vivir con mi familia, que me cuide, me alimente, pero sobre todo que me quiera.




4. Tengo derecho a recibir educación y a tener lo necesario para estudiar.



6. Tengo derecho a recibir atención médica y a que se me cuide cuando estoy enfermo.



5. Tengo derecho a descansar, jugar y divertirme en mi ambiente sano y feliz.




7. TENGO DERECHO A DECIR LO QUE PIENSO Y LO QUE SIENTO.



8. Tengo derecho a reunirme con otros niños y niñas.



9. Tengo derecho a ser educado en la paz y la comprensión.



OS MEUS DEREITOS

## PLÁSTICA

- Repaso dos CORPOS XEOMÉTRICOS

Pirámides e prismas

Corpos redondos

- Debúxaos ti, coloréaos e escribe o seu nome

(Se non te lembrás, revisa as páxinas 164 e 170 do teu libro de "Piezas")

E por certo,, sabes que corpo xeométrico te deixo na páxina seguinte?

Atrévete a móntalo?

